

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- INFORME ECONÓMICO-

O Departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de Verán 2018.

Este programa comprenderá un conxunto de actividades, que se desenvolverán en instalacións dos CEIP Raíña Fabiola e As Fontiñas, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago. Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso de conciliación para as familias no tempo de vacacións.

Atendendo ás características que concorren neste programa, tanto polo número de usuarios estimados, como polas modalidades e servizos que se ofrecen, fai necesario sacar o concurso a licitación.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Destinatarios: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria, entre o 2º ciclo de Educación Infantil e o 3º ciclo de Educación Primaria de Santiago. (ambos os dous inclusive).

Horarios e servizos que se ofrecerán aos usuarios :

Horario: de 7.45 h. ata as 16.00 h.

Servizos:

- De 7.45 a 9.00 h.: Servizo de Madrugadores (aula matinal), con almorzo.
- De 9.00 ás 14.00 h.: Obradoiros e Actividades.
- De 14.00 ás 16.00 h.: Servizo de Comedor.

Datas de realización do programa:

Os usuarios poderán escoller as distintas modalidades establecidas en quendas ou por días soltos.

O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de verán:

Mes de xuño: días 22, 25, 26, 27, 28 e 29.

Mes de xullo (agás sábados, domingos e festivos).

Setembro: días 3, 4, 5, 6 e 7.

As familias poden solicitar o servizo por quendas ou por días soltos.

O programa inclúe a realización de actividades e obradoiros, ademais de poñer a disposición dos nenos e nenas participantes un servizo de madrugadores (con almorzo) e de comedor.

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As quendas son as seguintes:

- 1ª Días 22, 25, 26, 27, 28 e 29 de xuño de 2018.
- 2ª Do 2 ao 6 de xullo de 2018.
- 3ª Do 9 ao 13 de xullo de 2018.
- 4ª Do 16 ao 20 de xullo de 2018.
- 5ª Días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de xullo de 2018.
- 6ª Días 3, 4, 5, 6 e 7 de setembro de 2018.

Prazas ofertadas:

Prazas xuño

	Prazas	Días
Obradoiros e actividades	100	6
Comedor	50	6
Madrugadores	25	6

Prazas xullo

	Prazas	Días
Obradoiros e actividades	140	21
Comedor	70	21
Madrugadores	30	21

Prazas setembro

	Prazas	Días
Obradoiros e actividades	100	5
Comedor	40	5
Madrugadores	20	5

Os cálculos económicos da licitación realízanse en base a un número estimado de usuarios, polo que pode resultar que non todos participen e que non todos escollan as modalidades que se indican, polo que máis nenos e nenas podan participar neste programa: o dato que determina pois o número de usuarios finais será o custe total que resulte das quendas e servizos escollidos finalmente polos usuarios, que estará marcado polo prezo máximo aprobado pola Xunta de Goberno Local do concello de Santiago. As

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ampliacións de servizos e quendas por parte dos usuarios, antes e durante o desenvolvemento do programa, estará condicionado tamén polo orzamento total de adxudicación aprobado na Xunta de Goberno Local e en todo caso deberá ter o visto bo previo do Departamento de Educación e Cidadanía.

Poderán asignarse máis prazas das establecidas a un centro cando non se cubran as asignadas no outro. No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público.

En caso de non cubrirse un mínimo de participantes en cada escola, establecido en 20 matriculados diarios por quenda para obradoiros de 9 a 14 horas, a empresa adxudicataria poderá desistir de desenvolvelo nese centro, sen penalización e sen dereito algún. O concelleiro de Educación e Cidadanía nesta situación determinará a realización ou non do programa.

Os usuarios que se apunten a unha escola de verán que non conte cun mínimo de 20 matriculados, poderán solicitar o cambio á outra escola que si cubra o mínimo de prazas ofertado.

Tendo en conta que se trata dun servizo que favorece a conciliación laboral, familiar e persoal, ofrécese o servizo de almorzo e o xantar para aquelas familias que o precisen. O servizo prestarase cando haxa un mínimo diario de 10 solicitantes no servizo de almorzo e 10 no de xantar por quenda.

Obxectivos:

- Obxectivo xeral

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

- Obxectivos específicos:

- Promover actividades que favorezan a diversión creando un ambiente lúdico.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Potenciar actitudes de valoración e respecto cara o entorno físico e natural.
- Dar a coñecer que é o medio ambiente, a natureza e a importancia que ten que todos debemos coidar dos mesmos.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tipo de actividades

Dentro do programa, intercalaranse actividades LUDICAS, DEPORTIVAS, XOGOS E OBRADOIROS.

Modalidades e horarios para os usuarios:

SERVIZO	HORARIOS
Modalidade completa (madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7.45 ás 16.00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7.45 ás 14.00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9.00 ás 16.00 h.
Modalidade só actividades	De 9.00 ás 14.00 h.

Os solicitantes poderán escoller diferentes quendas ou días soltos (establecéndose prezos públicos diferenciados). Haberá un desconto do 20% para quen acredite ser familia monoparental, numerosa, nenos/as con discapacidade e cando participen dous irmáns no programa. O desconto aplicarase a todos os solicitantes que cumpran ese requisito; é dicir, se participan dous ou máis irmáns nesta oferta o desconto farase a todos os irmáns.

Así mesmo, contéplase un desconto do 50% ou do 100% para aquelas familias con escasos recursos; estes casos deberán contar obrigatoriamente con Informe previo do Departamento municipal de Servizos Sociais que ditaminará a porcentaxe de desconto (o 50 ou o 100%). O desconto correspondente aplicaráselle a cada solicitante, mesmo se son da mesma unidade familiar.

Os descontos non son acumulables.

Para o cobro das cantidades correspondentes, o concello de Santiago habilita a conta bancaria municipal en ABANCA ES89 2080 0388 2031 1000 2662, para que os solicitantes admitidos poidan realizar o ingreso correspondente das modalidades escollidas. Deberán indicar no momento de realizar o ingreso: *Nome e apelidos do neno/a solicitante e da persoa que realiza o pagamento e da modalidade escollida.*

Secuencia horaria do programa:

7:45 - 9:00 h.	Madrugadores con almorzo. Actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9:30 h.	Recepción participantes.
9:30 - 11:00 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
11:00 - 11:30 h.	Descanso.
11:30 - 13:30 h.	Obradoiros artísticos, plásticos, saídas e xogos grupais.
13:30 - 14:00 h.	Recollida e despedida.
14:00 - 16:00 h.	Comedor

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GASTOS DO PROGRAMA

A) PRAZAS E PREZOS DE MERCADO:

Os prezos por usuario/día están calculados unha vez consultados os prezos de mercado e pola experiencia doutros programas similares en convocatorias anteriores, establecendo un prezo concreto por quenda e outro prezo para os días soltos.

Dado que as empresas participantes deberán ofrecer prezos á baixa e que é previsible que non todos os solicitantes demanden a modalidade completa, prevese un número de participantes maior:

1.- DESGLOSE PREZO DE MERCADO PARA A MODALIDADE DE QUENDAS/DÍA :

Desglose do orzamento do servizo de "Madrugadores con almórzo":

CONCEPTO	Prezo mercado
ALMORZOS –materias primas	1,30
PERSOAL	1,63
SEGUROS	0,08
MATERIAIS	0,13
BENEFICIO INDUSTRIAL	0,11
TOTAL	3,25 €

Desglose do orzamento servizo de "Obradoiros e actividades":

CONCEPTO	Prezo mercado
PERSOAL (EQUIPO DE MONITORES, COORDINACIÓN E ADMINISTRACION)	9,00
SEGUROS	0,26
MATERIAIS	1,29
CONCEPTOS VARIOS	0,33
BENEFICIO INDUSTRIAL	1,12
TOTAL	12,00 €

Desglose do orzamento servizo de "Comedor":

CONCEPTO	Prezo mercado
CATERING	4,36 €
PERSOAL	3,05 €
SEGUROS	0,12 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	0,47 €
TOTAL	8,00 €

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Prazas xuño

	PRAZAS	DÍAS	PREZO MERCADO QUENDA/DÍA	TOTAL
Obradoiros e actividade	100	6	12,00 €	7.200,00 €
Comedor	50	6	8,00 €	2.400,00 €
madrugadores	25	6	3,25 €	487,50 €
				10.087,50 €

Prazas xullo

	PRAZAS	DÍAS	PREZO MERCADO QUENDA/DÍA	TOTAL
Obradoiros e actividades	140	21	12,00 €	35.280,00 €
Comedor	70	21	8,00 €	11.760,00 €
Madrugadores	30	21	3,25 €	2.047,50 €
				49.087,50 €

Prazas setembro

	PRAZAS	DÍAS	PREZO MERCADO QUENDA/DÍA	TOTAL
Obradoiros e actividades	100	5	12,00 €	6.000,00 €
Comedor	40	5	8,00 €	1.600,00 €
Madrugadores	20	5	3,25 €	325,00 €
				7.925,00 €

B.- MONITORES/AS DE APOIO PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (NEE)

Co obxecto de atender a nenos/as con NEE que se poidan inscribir neste programa, é necesario contemplar dous monitores/as de apoio. O cálculo está realizado en base a que fosen necesarios todos os días e no horario completo diario, polo que é probable que na realidade non sexa necesario cubrir esa estimación.

	DÍAS	HORARIO	PREZO MERCADO/DÍA/MONITOR/A	TOTAL
2 MONITOR/A DE APOIO	32	7:45 HORAS ATA 16 HORAS	97,50 € X 2 = 195,00 €	6.240,00 €

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Total A+ B: 67.100,00 € + 6.240,00€ = 73.340,00 €

2.- DESGLOSE PREZO MERCADO PARA A MODALIDADE DE DÍAS SOLTOS :

CONCEPTO	Prezo mercado
Madrugadores con almorzo	3,50 €

CONCEPTO	Prezo mercado
Obradoiros e actividades	13,00 €

CONCEPTO	Prezo mercado
Comedor	9,00 €

LICITACION

O procedemento de licitación é o aberto e o importe máximo de licitación é de **73.340,00 € (IVE engadido)**, con cargo á aplicación orzamentaria 080.32600.22699. Nesta cantidade inclúese o importe dos descontos que se aplican por familia numerosa, familia monoparental, nenos/as con discapacidade e no caso de dous irmáns participantes no programa. Neste importe están incluídos tamén todos os gastos necesarios para o desenvolvemento deste programa: persoal (coordinador/as, monitores/as, persoal de secretaría para a xestión das preinscricións e inscricións, limpeza e apertura e peche das instalacións,...); Seguros de Responsabilidade Civil, igual ou superior a 300.000 euros; Seguro de accidentes do alumnado participante; Seguro de accidentes para o persoal do programa; Gastos de material (funxible e inventariable), referidos ao desenvolvemento das actividades que aparezan na proposta, coa calidade e na cantidade axeitada ás necesidades do programa; Gasto polo servizo de almorzo e de comedor mediante *catering*; e calquera outro gasto necesario para o correcto desenvolvemento deste programa.

Os ingresos derivados das cotas dos usuarios que finalmente participen serán para o concello de Santiago. Non obstante, será por conta do concello de Santiago as cantidades que se deriven dos descontos aplicados aos prezos públicos (por familia numerosa, dous irmáns, familias monoparentais, nenos e nenas con discapacidade e con escasos recursos).

ESCOLAS MUNICIPAIS DE VERÁN 2018

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os licitadores deberán axustarse ao prezo unitario que se sinala a continuación ou ben diminuílos na súa contía, de tal xeito que será rexeitada calquera oferta que supere os prezos indicados:

Prezos unitarios por quenda día

Obradoiros e actividades	12,00 €
Comedor	8,00 €
Madrugadores	3,25 €

Prezos unitarios por día solto

Obradoiros e actividades	13,00 €
Comedor	9,00 €
Madrugadores	3,50 €

INGRESOS DO PROGRAMA

Para participar no programa, as familias deberán pagar un prezo público cuxo importe virá determinado pola modalidade e servizo escollido e tamén polo prezo unitario resultante da oferta económica máis vantaxosa, unha vez resolto o procedemento administrativo de adxudicación. Estes prezos públicos serán aprobados consorte ao disposto no artigo 4 da Ordenanza fiscal 4.32 do concello de Santiago de Compostela"

Os ingresos finais virán determinados polos usuarios finais, as modalidades e servizos que estes soliciten, pois ao tratarse de estimacións non se pode saber con exactitude cantos solicitantes haberá e o importe que finalmente se ingresará, polo que queda a risco e ventura do adxudicatario a asunción do programa co alumnado matriculado finalmente, aínda que non se chegue ao número de prazas totais estimadas.

Santiago de Compostela, a 26 de abril de 2018.

Conforme

A Técnica do Departamento de Educación e Cidadanía

Concelleiro Delegado de Educación

Asdo.: Cristina Salgado Pato

Manuel Dios Díz

Firmado por DIOS DIZ MANUEL -
33210514D el día 27/04/2018 con
un certificado emitido por AC
FNMT Usuarios